



Concello de Cangas

CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS DE EXPLOTACIÓN DAS 14 CARPAS/BAR INSTALADAS NO RECINTO FEIRAL DAS NAVES DE OJEA DURANTE AS FESTAS DO CRISTO 2018

CLÁUSULA 1ª.- OBXECTO

É obxecto desta convocatoria a concesión da autorización para a explotación das 14 carpas/bar que se instalarán no recinto feiral das naves de Ojea durante as Festas do Cristo 2018.

CLÁUSULA 2ª.- DESTINATARIOS

Poderán presentarse a esta convocatoria todas aquelas persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares dun negocio de hostalaría (bar, cafetería, pub, etc) que acrediten estar en condicións de contratar coa Administración, o que supón non ter débedas coa Axencia Tributaria estatal, autonómica, local, nin coa Seguridade Social. Cada solicitante só poderá optar á concesión da autorización de explotación dunha carpa.

CLÁUSULA 3ª.- PRAZO DE DURACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS

As autorizacións outórganse polo prazo previsto de duración das Festas do Cristo 2018, dende o 25 de agosto ata o 2 de setembro.

CLÁUSULA 4ª.- CANON DE CONCESIÓN

Establecese un canon de 1000 € que deberán aboar na Tesourería municipal os adxudicatarios da autorización no prazo de 3 días hábiles posteriores á notificación da concesión.

CLÁUSULA 5ª.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo presentar solicitudes será de 5 días hábiles dende o seguinte ó da publicación do anuncio na web do Concello de Cangas (www.cangas.gal). As solicitudes de autorización irán dirixidas á Concellería de Cultura e Normalización Lingüística e unicamente poderán ser achegadas no Rexistro Xeral do Concello, de luns a venres en horario de 9:30 a 13:30 horas e o sábado de 10:00 a 13:00 horas.

CLÁUSULA 6ª.- DOCUMENTACIÓN

Os solicitantes deberán achegar a correspondente solicitude (segundo o modelo que consta no Anexo I desta convocatoria) acompañada da seguinte documentación:

- Copia do DNI da persoa que asina a solicitude e copia do NIF da empresa no seu caso.
- Xustificantes expedidos pola Axencia tributaria (estatal e autonómica) e Seguridade social que acrediten estar ó corrente coas súas obrigas tributarias e sociais.
- Xustificante de non ter débedas co Concello de Cangas (pode solicitarse na oficina do ORAL)
- Copia da licenza de apertura do negocio do que sexa titular.
- Xustificante de estar dado de alta no IAE no epígrafe que corresponda.

CLÁUSULA 7ª.- AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

Rematado o prazo de achega de solicitudes, reunirse unha comisión avaliadora das mesmas os efectos de comprobar que reúnen os requisitos establecidos nesta convocatoria. En caso de que a documentación achegada incumpra o esixido, o solicitante será requirido para que no prazo de 2 días hábiles proceda á súa emenda. Rematado este prazo, a comisión avaliadora declarará as solicitudes admitidas e as rexeitadas motivando o motivo de tal rexeitamento.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

CLÁUSULA 8ª.- OUTORGAMENTO DAS AUTORIZACIÓNS

A concesión das 14 autorizacións realizarase mediante sorteo entre tódalas solicitudes admitidas no día e hora que será publicado previamente na web do Concello de Cangas (www.cangas.gal). Rematado o sorteo, notificarase ós adxudicatarios a concesión da carpa que lle correspondera, requiríndoos para que no prazo de 3 días hábiles procedan a depositar na Tesourería municipal o importe do canon establecido (1000 €). En caso de que no dito prazo non cumpran con esta obriga, entenderase que renuncian á carpa concedida.

CLÁUSULA 9ª.- OBRIGAS DOS CONCESIONARIOS DAS CARPAS

Os adxudicatarios das autorizacións para a explotación das carpas deberán cumprir coas seguintes obrigas:

- Os hostaleiros autorizados explotarán a carpa adxudicada con carácter de exclusividade, quedando totalmente prohibida a cesión ou subarrendo da autorización.
- As carpas serán instaladas polo patrocinador oficial do recinto feiral, atendendo ao resultado da licitación específica para a concesión de patrocinio
- Conservar en perfecto estado as instalacións obxecto da concesión.
- Cumprir coa normativa vixente en materia de hixiene na expedición e venda de alimentos e bebidas.
- Manter limpo o espazo en que se desenvolva a súa actividade e deixalo no mesmo estado unha vez finalizada a actividade.
- Expoñer de forma visible a lista de prezos das bebidas e demais produtos de venda ó público.
- O persoal, en todo momento, gardará a debida aparencia e trato correcto co público.
- Deberán utilizarse con carácter preferente envases de material desbotable que ofrezca unhas mellores condicións hixiénicas.
- Exposición de cartel, ben visible, que indique a prohibición de venda de bebidas alcohólicas a menores de 18 anos.
- Garantir unha limpeza adecuada e evitarse na medida do posible a acumulación de lixo.

CLÁUSULA 10ª.- DEREITOS DOS CONCESIONARIOS DAS CARPAS

- Utilizar os bens e instalacións afectados á carpa/bar.
- Percibir do público os prezos correspondentes polos servizos que preste.
-

CLÁUSULA 11ª.- EQUIPAMENTO DAS CARPAS

As 14 carpas obxecto desta concesión terán as mesmas características, todas elas cunhas dimensións de 5m x 5m co equipamento explicitado no prego de patrocinio:

- O Concello de Cangas contratará un servizo de vixilancia e seguridade das carpas en horario de 2:00 a 10:00 horas de luns a xoves, e de 4:00 a 11:00 horas nos fines de semana e festivos. Fóra dese horario son os propios hostaleiros os que deben facerse cargo da seguridade das carpas e da súas mercadorías.

CLÁUSULA 12ª.- PREZOS DE VENDA Ó PÚBLICO

Os hostaleiros adxudicatarios das carpas deberán negociar e chegar a un acordo en canto o prezo de venda ó público de tódalas consumicións que se poñan á venda, que deberá ser o mesmo nas 14 carpas. Este acordo deberá plasmarse por escrito que será comunicado ó Concello de Cangas ós efectos de garantir o seu cumprimento.

CLÁUSULA 13ª.- HORARIOS DE APERTURA DAS CARPAS

Os horarios para as carpas serán os estipulados na ordenanza aprobada o 30 de xuño de 2018

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

titulada: *Ordenanza de atraccións, feiras desmontables, casetas e similares durante as Festas do Cristo*". No CAPÍTULO I, Art. 2 di:

-Apertura: 18:00 h

-Peché:

Venres, sábados, domingos e festivos 3:30 h

Resto dos días 1:30 h.

CLÁUSULA 14ª.- INCUMPRIMENTOS E SANCIÓN

Os adxudicatarios das carpas poderán ser sancionados polo incumprimento das obrigas recollidas nesta convocatoria e calquera outra que se derive da lexislación vixente que sexa de aplicación. O Concello de Cangas poderá sancionar ós hostaleiros que incorran en tales incumprimentos impondo sancións que poden ir dende o simple apercibimento ata a prohibición de presentarse a esta convocatoria nas seguintes edicións que se convoque. Para a imposición de sancións terase en conta a gravidade dos feitos e a reiteración na súa comisión.

Considéranse incumprimentos moi graves tanto o feito de non respectar os prezos consensuados polos hostaleiros, como incumplir os horarios de peche recollidos na cláusula anterior. Ámbolos dous feitos serán sancionados coa prohibición de ser adxudicatario dunha carpa-bar nas próximas edicións.

CLÁUSULA 15ª.- EXTINCIÓN DA AUTORIZACIÓN

As autorizacións extinguírase polo transcurso do tempo polo que foran outorgadas sen necesidade de acordo expreso que declare a extinción. A extinción da autorización non dará dereito a ningún tipo de indemnización calquera que sexa outra causa pola que se produza a extinción.



Concello de Cangas

ANEXO I
MODELO DE SOLICITUDE

Don/a _____, con DNI n.º _____,
con domicilio a efectos de notificacións na
rúa _____, con teléfono de
contacto _____ correo electrónico _____,
actuando

☐ en nome propio,

☐ en representación de _____ (nome e
apelidos ou razón social do representado) con NIF n.º _____ ante o
Concello de Cangas comparezo e

EXPOÑO

Que estando informado da convocatoria aberta para a concesións de autorizacións para a explotación das carpas/bar situadas no recinto feiral das naves de Ojea, durante as FESTAS DO CRISTO 2018, segundo anuncio publicado na web do Concello de Cangas, e tendo coñecemento das condicións desta convocatoria MANIFESTO que reunindo todos os requisitos e condicións para poder ser beneficiario das mesmas, ACEPTO plenamente e de xeito incondicionado a bases e cantas obrigas deriven del, polo que,

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que cumpro os requisitos establecidos na convocatoria para participar neste procedemento e ser beneficiario da autorización para explotación da carpa/bar así como para exercer esta actividade, e que me comprometo a manter o cumprimento dos requisitos necesarios para o exercicio da actividade para a que solicito autorización.

Achego a seguinte documentación:

- ☐ Copia do DNI da persoa que asina a solicitude e copia do NIF da empresa no seu caso.
- ☐ Xustificantes expedidos pola Axencia tributaria (estatal e autonómica) e Seguridade social que acrediten estar ó corrente coas súas obrigas tributarias e sociais.
- ☐ Xustificante de non ter débedas co Concello de Cangas (pode solicitarse na oficina do ORAL)
- ☐ Copia da licenza de apertura do negocio do que sexa titular.
- ☐ Xustificante de estar dado de alta no IAE no epígrafe que corresponda.

Así mesmo, asumo a obriga de depositar na Tesourería Municipal o canon establecido de 1000 €, no prazo no que sexa requirido para elo.

Polo exposto, **SOLICITO** que me sexa concedida a autorización de explotación dunha carpa/bar no recinto feiral das naves de Ojea durante as Festas do Cristo 2018 para a instalación do meu negocio de hostalaría _____
(indicar nome do bar, cafetería, pub, etc).

Cangas a _____ de agosto do 2018.

Asdo: _____

Concello de Cangas



Concello de Cangas

CONCELLERÍA DE CULTURA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

ANEXO II

PLANO DE SITUACIÓN DAS CARPAS